

DIARIO DE NÓS

2023

ÚLTIMAS
NOVAS

Wagner



EXTRA EXTRA
O SALSEO DE 6º

VIOLETA
MONREAL



INDICE

➤	COÑECER OLEIROS E.I	03
➤	DÍA DO MEDIO AMBIENTE	11
➤	MUSEO BELLAS ARTES E.I E SAÍDAS EI	16
➤	VIOLETA MONREAL	22
➤	FEIRA DAS LETRAS	23
➤	OBRADOIROS DE MEDIDA 1º CICLO	24
➤	LECTURAS COMPARTIDAS 1º CICLO	25
➤	ENTRE SOPAS E VERSOS 1º CICLO	26
➤	AULA PINTUREIRA 1º CICLO	27
➤	CUBO RUBIK	29
➤	MINI-ARQUITECT@S	30
➤	RECEITAS NA AULA 2º CICLO	31
➤	INVESTIGADORES E CUADRILÁTEROS	33
➤	EXPERIENCIAS LITERARIAS 5ºE.P	34
➤	UNHA VISITA A CECEBRE	35
➤	SALSEOS 6º E.P	36
➤	BIBLIONÓS	37
➤	PASATEMPOS 6ºE.P	40

COÑECER OLEIROS

Un curso máis a través do programa Coñecer Oleiros tivemos a ocasión de visitar grandes paisaxes do noso concello.

4º Educación Infantil
Lagoa de Mera







5º Educación Infantil Castelo de Santa Cruz







6º Educación
Infantil.
Finca
Carballeira







6º Educación
Infantil.
Castelo de
Santa Cruz







Coincidindo co DÍA do MEDIO AMBIENTE, o 5 de Xuño, todo o ciclo de Ed. Infantil disfrutou dunha xornada de convivencia en Muíño Pedroso (Narón)

Ademais de disfrutar dun espazo natural fixeron varios obradoiros.




OBRADOIRO DE PAN






OBRADOIRO MEU PEQUENO HORTO





OBRADOIRO DE RASTROS E PEGADAS








RUTA POLO ENTORNO DO RÍO



MUSEO DE BELAS ARTES





DISFRUTAMOS DE SAÍDAS DIDÁCTICAS



4º Ed. Inf visitou o súper
para aprender
máis da comida saúdale.



5º Ed. Inf. Foi ao Aquarium e fixolle unha visita a Gastón





6º Ed. Inf. Achegouse á ciencia grazas ao MUNCYT e disfruto dunha merenda con grandes vistas da cidade herculina



VIOLETA MONREAL

Este curso , tivemos a gran sorte de poder contar coa visita de Violeta Moreal ao noso centro. Ensinounos a palabra "GURRUMINOS" e xa forma parte do noso día a día



ILUSTRADORA E ESCRITORA

O noso alumnado puido gozar dun obradoiro de creatividade impartido por Violeta onde crearon maravillosas obras de arte empregando papeis rasgados para compoñer as imaxes.

Grazas por vir, pola diversión e por facer da túa visita unha viaxe inolvidable.

FEIRA DAS LETRAS



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Os días 18 e 19 de maio, tivo lugar no noso centro a celebración da Feira das Letras.

O alumnado participou nos diferentes obradoiros levados a cabo coa colaboración da nosa Comunidade Escolar e Belén, a educadora social do centro educativo "Pitiños". Os nenos e nenas aprenderon de primeira mán diversos oficios artesáns como cestería, xoiería, olería, entre outros. Para rematar a xornada gozamos de diversas actuacións organizadas por Patri, a nosa mestra de música.



OBRADOIROS DE MEDIDA

O 1º ciclo levaron a cabo uns obradoiros de unidades de medida, tempo, masa e volume.

Aproveitamos as posibilidades que ofrecen os ámbitos para poder realizar unha actividade en conxunto internivel onde o alumnado de segundo exercía de titor/a de primeiro e amosáballe o aprendido nos ámbitos científico e matemático.



alumnado 1º ciclo

lecturas



O alumnado de primeiro ciclo leva a cabo lecturas compartidas.


O aprendizaxe cooperativo cambia a forma tradicional de traballar nas aulas. Este tipo de ensinanza otorga ao alumnado un papel máis relevante dentro do seu proceso de ensino-aprendizaxe e o dos seus compañeiros/as.

A lectura compartida serve para traballar a comprensión de textos á vez que se fomenta a participación e a interacción entre iguais.



ENTRE SOPAS E VERSOS

ESPECIAL PODCAST LESTRAS GALEGAS




O alumnado de primeiro participaron no certame do podcast radio na biblio e gañaron o primer premio! Parabéns! Escaneando o código QR poderedes escoitar o video.





AULA PINTUREIRA
Aula Pintureira
PADLET
YAYOI KUSAMA



AULA Pintureira



AULA Pintureira



AULA PINTUREIRA
Aula Pintureira
PADLET
MARUJA MALLO

PADLET do Ambito Artístico
CEIP JUANA DE VEGA



CUBO RUBIK

No ámbito matemático organizamos unha masterclass de cubo rubik, onde pudimos coñecer diferentes cubos e curiosidades que descoñecíamos.



Anxo, antigo alumno do centro

Explicando as letras que compoñen os diferentes cubos de rubik e as diversas variedades que existen. O alumnado quixo poñer a proba a súa capacidade e o cronomentramos! . Qudemoa alucinados da velocidade no manexo do cubo. Moitas grazas por esta experiencia Anxo!



(Mini) Arquitectos que construyen nubes....




ÁMBITO ARTÍSTICO E MATEMÁTICO

O venres 16 de xuño tivo lugar unha actividade para o primeiro ciclo culminando coa unidade de MINI-ARQUITRECTOS/AS levada a cabo en conxunto o ámbito artístico e matemático.

O alumnado pudo gozar da experiencia de dous arquitectos Nuria e Luis e a construción dun inchabel onde xogar e experimentar.

A través de Zaha Hadid, matemática e arquitecta coñecemos a arquitectura futurista caracterizada por fachadas curvas e como manipulaba os materiais formando obxectos suaves e robustos.





RECEITAS NA AULA

Os alumnos de 4º curso de Educación Primaria do CEIP Juana de Vega de Nós convertéronse en verdadeiros reposteiros.

Ó longo de todo o mes de maio, os alumnos e alumas de 4º A, B e C do CEIP Juana de Vega de Nós convertéronse en reposteiros coas súas propias receitas.

Dende a área de Lingua Castelá e Literatura, a mestra Sandra levou a cabo un taller de cociña co seu alumnado a través de diferentes receitas.



Cada día da semana ó longo do mes de maio, un eposteiro ou reposteira diferente sorprendería ó resto dos compañeiros e compañeiras, así coma ós mestres, con diferentes propostas culinarias que alegraban o paladar a quen as catava.


Biscoitos, sándwiches,, tartas de queixo,... Cada día no cole era unha verdadeira anécdota pensando con que nos sorprenderían estes grandes chefs.

RECEITAS NA AULA



Receta: MAGDALENAS DE CHOCOLATE CASERAS

Daniels 4ºB



Ingredientes

- 180 g de harina, 220 g de azúcar
- 70 g de avellanas, 60 g de cacáo
- 1 pizca de sal, 1 huevo
- 150 ml de aceite de oliva, 10 ml de leche
- 1 cucharada de esencia de vainilla

Tiempo de elaboración: 05:30 min


¿Cómo se hace?

En primer lugar se en un bol se agregan los huevos, el azúcar y con la ayuda de unas varillas eléctricas, batimos por 4 minutos o hasta ver que la mezcla se levanta y triplicase su volumen (este punto es muy importante para que las magdalenas queden bastante esponjosas). Después agregamos la esencia de vainilla, el aceite de oliva y seguimos batiendo hasta integrar luego agregamos la leche e integramos muy bien. A continuación con la ayuda de un colador vamos a tamizar e incorporamos los ingredientes secos (la harina, el cacao, las avellanas y la sal) (esto lo hacemos para evitar los bollos gruesos de los ingredientes) cuando ya está todo los ingredientes bien agregados a la mezcla, con la ayuda



Receta: Croissant de maiz y queso

JAVI 4ºA



Ingredientes

- Masa de hojaldre rectangular
- Paqueta de queso
- Queso
- Tomate frito

Tiempo de elaboración: 30 minutos


¿Cómo se hace?

En primer lugar cortamos la masa en los triángulos que queremos con forma de triángulo después ponemos paqueta y queso encima de la masa al final le hacemos el tomate frito encima para solo una gota, a continuación los enrollamos desde la parte más gruesa hasta la más delgada por último lo ponemos en el horno hasta que se pongan dorados.



Receta: Sandwiches de jamón y queso

LAURA 4ºA



Ingredientes

- Pa de molde
- Jamón york
- Queso
- Leche
- Huevo

Tiempo de elaboración: 15 min. hora

¿Cómo se hace?

Primero, hacemos los sandwiches y se cortan en cubos.

Después se mojan en leche y después en huevo.

Por último, se frien.

INVESTIGADORES

Os alumnos de 4º curso de Educación Primaria do CEIP Juana de Vega de Nós tamén se converteron en investigadores a través da indagación de información moi interesante sobre diferentes temas. Estes traballos, como todos podemos ver, estiveron expostos ó longo de todo o curso na entrada da escola para que todos puidéramos aprender.



CUADRILÁTEROS INTERACTIVOS

O alumnado do 2º ciclo, para non deixar de sorprender, converteuse en artista. Todos os nenos e nenas traballaron como Picasso dende a área de Ciencias. Os resultados foron fantásticos e deixaron a todo o mundo boquiaberto.



Na área de Matemáticas, tamén fixemos cousas moi especiais. Traballamos a través de cuadriláteros interactivos!

EXPERIENCIAS LITERARIAS DO CEIP JUANA DE VEGA



Entre Abril e Maio os alumn@s de quinto tivemos unha serie de experiencias literarias na que coñecemos a grandes escritores e ilustradores do momento.

A primeira de todas foi con Óscar Villán, un ilustrador de contos infantís. Fomos á biblioteca Rialeda, onde Óscar contounos o seu traballo como ilustrador, tamén nos ensinou sobre súas obras, o seu proceso como ilustrador, algúns dos seus esbozos e como funciona unha editorial.

Despois, tivemos a oportunidade de coñecer e entrevistar a Violeta Monreal, unha escritora e ilustradora de contos infantís. Aos nosos compañeiros safulles moi ben a entrevista, e mentres ela contestaba as nosas preguntas, á vez facía un bonito debuxo coa súa técnica favorita: o colaxe.



E por último, pero non menos importante, veu Andrea Maceiras ao noso centro, a quen coñecemos grazas a estar lendo o seu libro "Alma de Elefante" no noso curso. Andrea falounos de como se orixinou o seu libro, resulta que nun dos seus viaxes a Asia, especificamente a Camboia encontrou un debuxo feito a lapis por un neno ou nena pequen@ do lugar, desde ese debuxo Andrea inspirouse para crear toda a historia. Por último Andrea fíxonos unha proba para saber de que animal é a nosa alma, finalmente firmounos a todos a noso libro.



Estas experiencias foron para todos nos moi divertidas e entretidas. E dámoslle as grazas a Óscar, Violeta e Andrea por colaborar con nós, e tamén aos nosos profesores por organizalo todo.

UNHA VISITA A CECEBRE

Nós, os alumnos de 5ºA do CEIP Juana de Vega, tivemos unha fermosa visita ao embalse de Cecebre, con dous guías moi agradables.

Sáímos do colexio e o bus deixounos no inicio da ruta, nunha caseta de información cuns debuxos de animais que podíamos ver na ruta, por exemplo: o bufo, a ameixa de auga doce...



Baixamos un pouco e á altura dun parque presentámonos, falamos dos usos da auga: lavar os pratos, lavar as mans... Logo de presentarnos dirixímonos ao observatorio de aves e paramos a comer as merendas e facer algúns xogos de carreiras.

Ao acabar de merendar, o guía Xoán montounos un telescopio e vimos algúns parrulos, un deles tiña cresta!



Logo de que todos víramos aos parrulos propuxéronnos un xogo de cartas con árbores autóctonas ou aves e tiñamolas que buscar. Mentres buscábamos as árbores Marta e Xoán nos ían dicindo algunha explicación das plantas e aves autóctonas que famos atopando.

Ao chegar, o bus deixounos no colexio e déronnos unha ficha na tiñamos que dicir o que nos gustou e o que non.

E isto foi a nosa bonita visita a Cecebre.



Salseos Quentiños

Na hora de lectura un estudante informa de que unha malvada gaivota vixía as fiestras da escola. Segundo o noso informante, Bartolomeo, que así se chama o animal, buscaba comida. Conseguiríaa?

Unha galleta... é unha vida.



O famoso videoxogo ao que xogan algúns despreocupados galopíns, “Tux”, pasou de moda. Xa non se xoga, pero segue saltando nos nosos corazóns. O “Tux”, un paxaro... unha lenda.

Un neno de 6º fai un “Home Round” e manda a pelota fóra do recinto escolar. O tirador celebrou de forma humilde esta tarefa de Titáns. Bailou e saltou alegremente, mentres o outro equipo choraba polo resultado. A lenda conta que pelota chegou a Guayacan.

Brazo de ferro... non te esqueceremos.



Alumnado 6ºE.P

BALBORNO DE BIBLIONOVAS


Remata o curso 2022-2023!

Canto colle nun único curso? Pasa voando pero suceden milleiros de cousas. Velaí vai unha pequena escolma dalgunhas das cousas!


ARTESÁS E ARTESÁNS. UN CURSO CARGADO DE ARTE

Cóntanse por centos as actividades e accións que realizamos á calor do proxecto deste curso!

*O primeiro trimestre estivo adicado á **pintura, escultura e arquitectura** vencelladas ás emocións e á saúde mental e de aí saíron grandes cousas coma o descubrimento de parte da escultura coma amuletos ou fetiches, a investigación sobre periodos da historia a través da súa arquitectura, o afondamento en aspectos como a carga mental a través da obra de Díaz Pardo, tamén desubrimos e creamos cantares de cego... un montón de cousas que culminaron cun intercambio entre o alumnado dunha peza de arte creada por eles/as ao estilo do "amigo invisible"*



Non podemos esquecer que neste trimestre se construíu a nosa cheminea da biblio unha incorporación totalmente artesá capaz de converter o espazo nun lugar acolledor e perfecto para a lectura informal... unha verdadeira obra de arte coa que desfrutamos todo o curso.



LETRAS E AUDIOVISUAIS, SEGUNDO TRIMESTRE



VIDEOPOEMAS AQUI




O segundo trimestre estivo especialmente adicado ás "**letras**" (literatura, poesía, teatro...) e **audiovisuais** vencellados á saúde física e de aí saíron propostas como o afondamento na arte e mitoloxía grega, as tipoloxías textuais, o patrimonio inmaterial, tamén o descubrimento e creación de video-poemas, a investigación sobre "As sensombreiro"... todo isto rematoucon varios vídeos e programas de radio pero ademáis cun episodio especial e longo do programa de radio "CoidArte" no que participou a meirande parte do centro!



ARTESANÍA E MOVEMENTO. TERCEIRO TRIMESTRE

Para rematar, o terceiro trimestre adicouse directamente á **artesanía** e **movemento** vencellados á saúde social con propostas como o descubrimento das "artesás do mar" e as súas cantigas, danzas, interpretacións musicais, teatro e artes performativas. Tamén foi moi destacada a visita da ilustradora e escritora Violeta Monreal cargada de talleres... e como esquecer a nosa intensa Feira das Letras cun montón de obradoiros de artesanía (cestería, arxila, xoiaría, arte e reciclaxe, arte floral) e tamén a construción do noso maio e a composición das nosas coplas así coma outras actuacións



O CERTAME LITERARIO

Un ano máis recibimos increíbles obras literarias no noso certame, convocouse co gallo do Día do Libro e resolveuse na nosa Feira das Letras. Queremos parabenizar a todos e todas a as participantes por semellantes historias, poemas, cómics, contos e obras de teatro e en especial aos autores a autoras que acadaron o premio.

PODES BUSCAR E LER AS OBRAS GAÑADORAS NA PUBLICACIÓN DO BLOGUE DE BIBLIO. [HTTP://ABIBLIODENOS.BLOGSPOT.COM](http://abibliodenos.blogspot.com)



A RADIO

Como traballamos e desfrutamos da radio escolar! E agora que temos un novo sitio para ela... estupendo!

Este ano houbo un montón de capítulos do programa de arte da nosa radio "**CoidArte**" e tamén entrevistas como a de **Violeta Monreal** no programa "O Falar da Xente", falando disto, menudo luxo de visita a de Violeta cargada de obradoiros de arte, conversas, literatura...

Tamén estreamos o programa "**Científica-mente**" un programa no que os capítulos tratan ciencia e matemática e que agardamos que siga medrando en vindeiros cursos.

E non podemos esquecer o noso **premio!!**

Despois de todo o traballo sobre textos, investigacións sobre as Letras Galegas e o seu homenaxeado e uns xogos... os rapaces e rapazas de 1º gravaron un pequeno podcast das Letras Galegas que...foi recoñecido no certame de Pódcasts de Radio Na Biblio da Consellería!**Menuda lelicia levamos!**



ACCEDE AOS PROGRAMAS DESDE AQUI!

Bibliotecas
escolares
de Galicia



A verdade é que quedan moitas cousas que deberiamos engadir foi un curso moi intenso e desde a biblio estamos moi satisfeitas, agradecemos especialmente aos equipos de voluntarios e voluntarias da biblio polo seu esforzo e responsabilidade. Moitas outras aventuras están por vir das que agardamos desfrutedes. Sen todos e todas vós non sería posible, noraboa

ARTISTAS!

Pasatempos de alumnado de sexto

VERTICAIS:

- 1. Persoa que traballa no móino.
- 2. Persoa que traballa a madeira.
- 3. Persoa que traballa coa arxila.
- 4. Persoa que dedícase á pintura.
- 5. Persoa que traballa o campo.

HORIZONTAIS:

- 6. Persoa que toca a gaita.
- 7. Persoa que deseña vivendas e edificios.
- 8. Persoa que dedícase a esculpir.
- 9. Persoa que escribe libros.
- 10. Persoa que fai xoias.

SOLUCIÓNS:

- 1. Moinheiro
- 2. Carpinteiro
- 3. Oleiro
- 4. Pintor
- 5. Laborador
- 6. Gaiteira
- 7. Arquitecto
- 8. Escultor
- 9. Escritor
- 10. Oureiro

**CEIP JUANA
DE VEGA**